

Memoria de actividade 2024

Nodo Galego de Ciberseguridade
CIBER.gal

Febreiro 2025



ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE

01

Páx. 04

Carta do presidente da Comisión de Seguimento do Nodo CIBER.gal

02

Páxs. 05 a 20


Actividade do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal

2.1. Colectivos e áreas de
traballo

2.2. Resumo en cifras



ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE



01

Carta do Presidente da Comisión de Seguimento do Nodo CIBER.gal

Febreiro de 2025

Axentes vinculados ao Ecosistema de Ciberseguridade do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal

Estimados e estimadas,

Este documento presenta a memoria de actividades correspondente ao ano 2024 do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal.

Ao longo do último ano, e grazas á dedicación de todos os axentes que forman parte do ecosistema de ciberseguridade asociado ao Nodo, logrónse importantes avances na tarefa de sensibilizar, educar e preparar a sociedade galega fronte aos desafíos da contorna dixital.

A labor do Nodo CIBER.gal non se limitou a alertar sobre os riscos, senón que tamén se traballou para dotar aos distintos colectivos de recursos e recomendacións prácticas que fomenten un uso seguro e consciente da tecnoloxía.

As súas accións e iniciativas abranguen a un amplo espectro de destinatarios, incluíndo a cidadanía en xeral, familias, mozos, persoas maiores, profesionais do ámbito empresarial e representantes da Administración pública.

Así mesmo, en 2024 alcanzáronse fitos relevantes, destacando a renovación do Convenio de Constitución do Nodo CIBER.gal, que representa un paso máis cara ao fortalecemento e expansión da cultura da ciberseguridade en Galicia.


Quero expresar a miña profunda satisfacción polos logros obtidos e, sobre todo, agradecer o compromiso inquebrantable dos membros fundadores e de todas as entidades colaboradoras, tanto públicas como privadas, que contribuíron ao éxito e crecemento desta iniciativa.



Julián Cerviño Iglesia

Presidente da Comisión de Seguimento do Nodo CIBER.gal
Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia





02

**Actividade do Nodo
Galego de
Ciberseguridade
CIBER.gal**

2.1. Colectivos e áreas de traballo

O Nodo CIBER.gal enfoca a súa actividade cara a tres colectivos destinatarios: a cidadanía, o tecido empresarial e as administracións públicas. As actividades que dinamiza o Nodo, deseñadas e executadas polos axentes colaboradores do ecosistema CIBER.gal na súa maioría, estrutúranse en diversas áreas de traballo para dar resposta ás necesidades dos colectivos aos que se dirixe.

Público obxectivo



Cidadanía



Tecido empresarial



Administracións públicas

Liñas de actuación



Concienciación, capacitación e formación

Co fin de garantir que toda a sociedade galega comprenda a relevancia da ciberseguridade na súa vida cotiá e utilice a tecnoloxía de maneira segura, adoptando boas prácticas que lle axuden a facer fronte ás ciberameazas.



Difusión e colaboracións en iniciativas de referencia

Co obxectivo de manter a sociedade informada sobre as novidades no campo da ciberseguridade, comunicar avances, o lanzamento de novas iniciativas, actividades relevantes e outros aspectos de interese, así como participar en proxectos clave que axuden a destacar o traballo de CIBER.gal.



Fomento do talento

Co fin de impulsar a creación, atracción e retención de talento especializado, así como promover a investigación e a transferencia de tecnoloxía, ademais de fomentar a formación en ciberseguridade a todos os niveis educativos.



Facilitación de servizos de ciberseguridade

Co obxectivo de ofrecer aos axentes involucrados o acceso gratuíto a ferramentas e servizos que reforcen as capacidades de ciberseguridade dentro das organizacións.



Impulso á industria da ciberseguridade

Co propósito de impulsar a innovación en ciberseguridade, facilitar a adopción de produtos e servizos innovadores nas organizacións, e conectar a todos os actores do ecosistema.



Renovación do Convenio de constitución e adhesións ao Nodo CIBER.gal

Desde a Amtega promoveuse a **renovación do Convenio para a constitución do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**. Deste xeito, A Xunta, o Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE), o Centro Criptolóxico Nacional (CCN), a Fegamp e as catro deputacións provinciais de Galicia, renovan o seu compromiso e responsabilidade para cooperar e seguir impulsando un escenario dixital seguro para toda a sociedade galega, **prorrogando por catro anos máis, ata 2028**, o devandito Convenio, que dá continuidade á labor que leva facendo o Nodo CIBER.gal desde a súa posta en marcha.



Desde a creación do Nodo CIBER.gal, o espazo de **colaboración público-privada** impulsou diferentes actuacións de **capacitación, concienciación e prestación de servizos de ciberseguridade para a cidadanía, o tecido empresarial e as administracións públicas de Galicia**.

Entre os fitos do Nodo ao longo destes catro anos, destaca a **consolidación do Encontro galego CIBER.gal** como a cita anual da ciberseguridade en Galicia; a **posta en marcha de dous grupos de traballo** para a identificación e resposta ás necesidades en materia de ciberseguridade para empresas e cidadanía; o **desenvolvemento de campañas de sensibilización** en colaboración coa TVG; e a **participación en máis de 25 eventos** de interese relacionados coa ciberseguridade.

Neste sentido, tamén as **entidades colaboradoras adheridas ao Nodo CIBER.gal manifestaron a súa vontade expresa e interese en continuar coa súa adhesión**.

No 2024, o Nodo CIBER.gal está conformado por **máis de 60 entidades públicas e privadas**, de diferentes sectores, e que xuntas, forman parte dun ecosistema de colaboración que aglutina recursos para poñer en valor a importancia da ciberseguridade a todos os niveis:



Marzo

Grupo de traballo da cidadanía

Dentro do Nodo CIBER.gal, **cada un dos colectivos obxectivo conta cun grupo de traballo específico** que identifica as súas necesidades para deseñar e executar iniciativas que lle dean resposta da man das entidades fundadoras e colaboradoras do Nodo. **Deste xeito, desde finais do ano 2023 púxose en marcha o Grupo de Traballo de Cidadanía**, e durante o **primeiro trimestre de 2024 leváronse a cabo a maior parte das accións** destinadas a sensibilizar sobre a relevancia da ciberseguridade e a protección de datos en diversos colectivos: **ANPAS, docentes do sector educativo, escolares, adolescentes, etc.** Entre as principais temáticas tratadas nas actividades do Grupo de Traballo atópanse: **Protección de datos no uso de ferramentas de intelixencia artificial, ciberseguridade nos videoxogos, dereitos dixitais, seguridade nos dispositivos móbiles, etc.**

14

Sesións
de sensibilización e
capacitación

+590

Asistentes
ás sesións

9,0/10

Grao de
satisfacción dos
asistentes

+10

Empresas
colaboradoras

Abril

Curso superior en ciberseguridade

No marco de Nodo CIBER.gal, e en colaboración coa **Escola Galega de Administración Pública (EGAP)**, a Amtega deseñou e desenvolveu unha **nova edición do Curso Superior en Ciberseguridade**, no cal **se inscribiron máis de 170 persoas** para as 70 prazas ofertadas, o que é unha mostra do éxito desta iniciativa, que conta xa con catro edicións e máis de 200 beneficiarios.

Maio

Charlas de ciberseguridade para persoas maiores

Co obxectivo de **formar e concienciar á poboación maior** sobre os riscos da ciberdelincuencia, en 2024, a Amtega, no marco do Nodo, continuou a **colaboración coa rede de aulas CeMIT** para impartir charlas dirixidas a persoas maiores sobre como identificar estafas na rede e consellos básicos para o uso seguro do correo electrónico e a navegación por internet.

28

Charlas
en 2024

+300

Asistentes
ás charlas

25

Concellos
diferentes onde se
impartiron charlas

Outubro

Curso superior de protección de datos

No marco de Nodo CIBER.gal, e en colaboración coa **Escola Galega de Administración Pública (EGAP)**, a Amtega deseñou e desenvolveu unha **nova edición do Curso Superior de Protección de Datos**, no cal **se inscribiron máis de 190 persoas** para as 70 prazas ofertadas, o que é unha mostra do éxito desta iniciativa, que conta xa con tres edicións, e máis de 180 beneficiarios.


Obradoiros sobre a pegada dixital e guía de consellos prácticos

En colaboración coa **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, durante 2024 continuouse impartindo os **obradoiros de "Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais"**, dirixidos ao alumnado de **Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)** nos centros educativos de Galicia. Estes obradoiros están deseñados para ensinar aos estudantes a xestionar a súa privacidade na rede e nas redes sociais máis utilizadas, fomentando un uso responsable e seguro das plataformas dixitais. Adicionalmente, en outubro, presentouse oficialmente a **"Guía de uso seguro da internet e redes sociais"**.

+240

Obradoiros
impartidos no
curso 23-24

+7.200

Escolares
asistiron aos
obradoiros no curso
23-24



IV Encontro Galego de Ciberseguridade

No ano 2021, naceu como iniciativa do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, o **Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**. Desde entón, consolidouse como o evento de referencia no sector da ciberseguridade en Galicia, **celebrando en 2024 a súa 4ª edición con récords de participación, inscricións e actividades**.

Esta 4ª edición do Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, celebrada os días 06, 07 e 08 de novembro na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, nas instalacións do Edificio Fontán reuniu a **expertos, empresas nacionais e internacionais, entidades locais e á cidadanía, para abordar os retos e oportunidades da seguridade na contorna dixital**.

O evento foi organizado polo propio **Nodo CIBER.gal e a Amtega**, coa colaboración do **Colexio de Enxeñería en Informática de Galicia (CPEIG)**, e contou co apoio dunha **vintena de entidades patrocinadoras**.

O programa do evento agrupou **actividades, relatorios, mesas redondas, obradoiros e demostracións** dirixidas a empresas tecnolóxicas, tecido empresarial, empregados públicos, escolares, estudantes e profesionais da ciberseguridade, e a sociedade galega.

Entre estas actividades, destacou a participación do experto en ciberseguridade, **Chema Alonso**, ademais da **obra de teatro "Hixiénico"** a cargo da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, e o desenvolvemento dun **monólogo de David Amor** que abordou os retos da ciberseguridade nos mozos en clave de humor.

+2.900

Inscricións
ao IV Encontro

+18%

De incremento nas
inscricións
presenciais
respecto 2023

+60

Expertos
participaron no
IV Encontro

+40

Entidades
participaron no
IV Encontro



IV Encontro CIBER.gal: Bloque de Administración Pública

No marco do IV Encontro CIBER.gal, no **bloque destinado á Administración Pública**, leváronse a cabo diversas relatorios e mesas redondas que abordaron distintos temas de actualidade en materia de ciberseguridade e coa participación de importantes persoas expertas e entidades públicas de referencia no ámbito da seguridade da información.

Entre os temas máis destacados atópase a **creación do Centro de Innovación e Competencia en Ciberseguridade de Galicia, Cataluña e Valencia no marco do Programa RETECH de INCIBE**, así como o **Proxecto-Rede Argos** no marco do mesmo Programa.

Tamén se falou sobre o **roteiro de ciberseguridade en Galicia, a xestión de crise de ciberseguridade en entidades locais** a través dun caso real ocorrido no Concello de Teo, e a **creación de SOC ferroviario de Renfe** en Monforte de Lemos.


IV Encontro CIBER.gal: Bloque de Empresas

Dentro do IV Encontro CIBER.gal, no **bloque do programa principal destinado ao tecido empresarial**, celebráronse diversos relatorios e mesas de debate co obxectivo de resaltar temas clave tanto para o sector da ciberseguridade como para sectores clave da economía galega no seu conxunto.

Entre os temas tratados durante o transcurso das actividades, destaca a presentación de **fondos públicos para a mellora da ciberseguridade das pemes**, como o Kit Dixital de Redes, o programa Activa Ciberseguridade da Escola de Organización Industrial ou os cursos do CNTG para profesionais.

Ademais, abordouse o **alcance da Cyber Resilience Act na produción**, e as sinerxías e repercusións que pode ter o **crecemento do uso da intelixencia artificial na ciberseguridade**.

O bloque contou coa presenza estelar de **Chema Alonso, recoñecido experto en materia de ciberseguridade** que brindou un relatorio aberto a preguntas na que abordou a importancia da innovación en ciberseguridade para atrapar aos ciberdelinquentes.


IV Encontro CIBER.gal: Bloque de Cidadanía

O **Bloque do IV Encontro CIBER.gal, destinado á cidadanía** no seu conxunto, e en especial a escolares, esgotou, **nesta edición, as 750 prazas presenciais dispoñibles**, contando coa presenza de nenos, nenas e adolescentes de ata **9 colexios distintos**.

A xornada levou a cabo o desenvolvemento da **final do concurso "Ciberseguridade non cole"** e co despregamento dunha **obra de teatro dirixida pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia**, acerca dos perigos do cyberbullying.

Ademais, a **Policía Nacional realizou un relatorio co obxectivo de sensibilizar e concienciar aos menores dos riscos das redes**, e a **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional** presentou un abanico de oportunidades para o desenvolvemento dunha carreira ligada ás tecnoloxías da información e en especial á ciberseguridade.

Por último, **David Amor** falou sobre ciberseguridade nun ton distendido e próximo, que trasladou aos escolares asistentes bos consellos no uso da tecnoloxía.


IV Encontro CIBER.gal: Concurso Ciberseguridade non cole!

En 2024 celebrouse a **IV edición do Concurso Ciberseguridade non cole!**, dentro do marco do IV **Encontro CIBER.gal**. O concurso organizado en colaboración con **Telefónica**, entidade adherida ao Nodo, ten como obxectivo **fomentar a concienciación** sobre a ciberseguridade no ámbito escolar, especialmente fronte ao uso das tecnoloxías dixitais.

O concurso estivo dirixido a estudantes de **5º e 6º de primaria e 1º e 2º de secundaria**. Desenvolveuse en dúas fases: unha primeira fase clasificatoria en liña e unha **fase final presencial** no marco do Encontro.

Como novidade este ano, na fase final os estudantes resolveron un **CiberReto en formato colaborativo** entre todos os equipos finalistas.

7.500
Alumnos
galegos

+120
Colexios
participantes

6
Colexios
premiados




IV Encontro CIBER.gal: Conecta Senior

48
Asistentes
ás sesións

No marco do **IV Encontro CIBER.gal**, tivo lugar unha **xornada formativa "Conecta Senior"** dirixida ao **público senior** co fin de achegarlles ao mundo da seguridade e as novas tecnoloxías a través de charlas sobre temas como a ciberseguridade ou a intelixencia artificial.

A actividade, patrocinada por **Telefónica**, conglomerou a participantes do ámbito senior con interese en coñecer como poden usar a tecnoloxía no seu día a día e sentirse seguros.


IV Encontro CIBER.gal: Experiencias INCIBE

No marco do **IV Encontro CIBER.gal**, grazas á colaboración do **Instituto nacional de Ciberseguridade**, tiveron lugar as experiencias STAND e ROAD SHOW do INCIBE.

Por unha banda, a **experiencia STAND** ofreceu actividades tanto educativas como recreativas, como os xogos da aplicación Cyberscouts, para que a **ciberseguridade sexa máis accesible e divertida**. Ademais, contou con diversas pímulas informativas dirixidas aos **diferentes públicos: estudantes**, sobre como crear contrasinais seguros; **empresas**, un decálogo de ciberseguridade; e a **ciudadanía en xeral**, temas de privacidade, enxeñería social e mediación parental.

Doutra banda, a **experiencia ROAD SHOW** ofreceu unha maneira divertida de aprender. Foi unha **experiencia interactiva sobre ciberseguridade** incluída dentro dun camión itinerante que presentou actividades formativas e lúdicas como un escape room, xogos en liña ou unha **cabina interactiva** chamada "A túa Axuda en Ciberseguridade".

+500
Asistentes
ás sesións


II Remesa do Grupo de traballo de empresas

No contexto dos **grupos de traballo do Nodo CIBER.gal**, en 2024 púxose en marcha o deseño das actividades da **II Remesa do Grupo de Traballo de Empresas**.

Neste sentido, validáronse as **liñas de actuación do Grupo de Traballo** para esta remesa, as cales inclúen o desenvolvemento de obradoiros prácticos, a cesión e/ou demostracións de ferramentas de ciberseguridade, a creación dunha rede de persoas expertas en ciberseguridade e a xeración de contido de difusión e didáctico en ciberseguridade para empresas e profesionais.

No marco desta II Remesa, ao longo do 2024 mantivéronse **reunións bilaterais** con ata **25 empresas colaboradoras do Nodo CIBER.gal** para a posta en común das capacidades para achegar para o desenvolvemento das iniciativas.



Campaña de sensibilización en ciberseguridade: #CiberEsther

O Nodo CIBER.gal, en colaboración coa **Corporación de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG)** continuou en 2024 co desenvolvemento da **iniciativa #CiberEsther**, unha campaña de **sensibilización e concienciación en ciberseguridade enfocada na cidadanía, en especial no público máis novo**, a través de vídeos curtos que presentan consellos para combater aos "Cibercarrachos".

No ano 2024, esta iniciativa desenvolveu **máis de 50 vídeos**, con **máis de 2.3 millóns de visualizacións en total**.



Os cibercriminals xogan coa túa mente




Truco para que os cibercarrachos non adiviñen os teus contrasinais


Campaña de sensibilización en ciberseguridade: Entrevistas

O Nodo CIBER.gal, en colaboración coa **Corporación de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG)**, promoveu a **difusión de entrevistas, noticias e reportaxes en distintos programas da TVG**. Esta iniciativa busca **concienciar e sensibilizar á cidadanía sobre a importancia de adoptar boas prácticas en ciberseguridade, así como alertar sobre as novas estratexias empregadas polos cibercriminals**, co fin de reducir a incidencia de ciberataques na poboación.

Ao longo de 2024, levaron a cabo **máis de 12 entrevistas** centradas na ciberseguridade en Galicia.


Renovación Convenio Amtega-CRTVG

Co fin de seguir promovendo **consellos sobre o uso seguro das tecnoloxías da información** mediante **campañas de sensibilización e concienciación** da cidadanía, o Nodo CIBER.gal, a través da **Amtega traballou na renovación do Convenio de Colaboración coa Corporación de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG)** para dar continuidade á realización de **#CiberEsther, entrevistas e reportaxes na TVG e ademais, outras accións especiais de difusión da cultura da ciberseguridade nas redes sociais de G24 e TVGalicia**.

Marzo



2º Informe do estado da ciberseguridade en Galicia

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en colaboración co Nodo CIBER.gal, publicou a inicios do 2024 a **2º edición do informe sobre o "Estado da Ciberseguridade en Galicia en 2023"**. O estudo baséase en datos procedentes do IGE, do INE e do propio Observatorio.

O informe contén datos relevantes como que o **53,3% da poboación de Galicia sufriu algún incidente de ciberseguridade no último ano**, ou que 8,2% das empresas que contan con 10 ou máis persoas empregadas e teñen a súa sede en Galicia dispoñen dun especialista en ciberseguridade dentro das súas persoal TIC.

92,8%

Dos incidentes de ciberseguridade
estiveron relacionados co Spam

42%

Dos usuarios galegos da internet
fai uso da denegación do permiso de uso da
información persoal para fins publicitarios

Abril



V Foro Rexional ISMS Forum Galicia

O ISMS Forum, entidade adherida ao Nodo CIBER.gal, organizou a **5º Edición do Foro de Ciberseguridade Rexional de Galicia**, baixo o título **"Transformación Dixital 2.0: retos da IA para a ciberseguridade e o cumprimento normativo"**, o cal contou coa participación do Nodo CIBER.gal representado pola Amtega, nunha charla sobre a transformación dixital 2.0 e os retos da IA para a ciberseguridade e o cumprimento normativo.

O Foro estivo dirixido a directores de seguridade da información, profesionais con responsabilidade en seguridade, para tratar temas relacionados coa **ciberseguridade e IA** como motores da transformación dixital.



Xornada sobre ciberseguridade na administración local: ameazas e retos de goberno

A **Deputación da Coruña**, como entidade fundadora do Nodo CIBER.gal, organizou unha xornada para os principais **responsables das entidades locais da provincia**, co fin de analizar as ameazas e os retos que enfrontan en canto á seguridade na administración pública. O obxectivo foi asegurar a **protección da información** da cidadanía e garantir a **continuidade dos servizos públicos**.

A xornada contou coa participación do Nodo CIBER.gal a través **da Amtega**. Durante a inauguración, Julián Cerviño compartiu as medidas adoptadas a nivel autonómico e destacou a importancia de colaborar con iniciativas como o Nodo CIBER.gal.

Maio



Ciclo de sesións sobre ciberseguridade e identidade dixital

O Nodo CIBER.gal, a través da Amtega, colaborou no **Ciclo de Sesións sobre Ciberseguridade e Identidade Dixital** organizado por Gradiant, entidade membro do Nodo CIBER.gal, xunto con Garrigues e co apoio da Amtega. Ademais, contou coa colaboración da Deputación da Coruña, socia fundadora do Nodo.

Este ciclo estivo composto por **tres sesións** que tiveron como obxectivo analizar o **panorama normativo da ciberseguridade**, tanto a nivel europeo como nacional. As sesións abordaron temas clave como a Directiva NIS2, o Regulamento DOURA, a relación entre ciberseguridade e intelixencia artificial, a Lei de Ciberresiliencia da Unión Europea, a identidade dixital, a privacidade e o mercado de datos, entre outros.

Xuño



Encontro A Voz da Industria de Galicia (CCI)

O encontro **A Voz da Industria de Galicia** organizado polo **Centro de Ciberseguridade Industrial (CCI)**, no que participou o Nodo CIBER.gal a través da Amtega, foi punto de encontro para compartir experiencias sobre **ciberseguridade na automatización e a dixitalización industrial**. En este encontro **representantes de organizacións da industria e enxeñaría** de Galicia, así como **expertos**, debateron sobre a ciberseguridade en contornas de automatización industrial, redes OT e en IoT Industrial, así como intercambiaron as súas experiencias en paneis de debate.



Xornada de difusión dos Cursos de Especialización en Ciberseguridade en Formación Profesional

A **Amtega**, en colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, impulsou a oferta de **cursos de especialización en ciberseguridade dentro da Formación Profesional (FP) no curso 2024-2025**. Neste sentido celebrouse a Xornada de difusión destes cursos, co obxectivo de dar a coñecer o aumento da oferta e o compromiso por fomentar o desenvolvemento de talento en ciberseguridade.



Colaboración coa Global Cybersecurity Alliance

No marco da **colaboración que mantén o Nodo CIBER.gal coa Global Cybersecurity Alliance (GCA)**, impulsouse a participación de Gradiant, entidade adherida ao Nodo, no **Programa AIDE**. O obxectivo é o desenvolvemento de proxectos de investigación que afloren conclusións sobre o estado da ciberseguridade a nivel internacional.



II Congreso de Benestar Emocional

O Nodo CIBER.gal, da man da Subárea de Seguridade da Amtega, participou no **II Congreso de Benestar Emocional** organizado pola Xunta de Galicia, e onde se abordaron as distintas iniciativas que levan a cabo en Galicia para fomentar a **concienciación en ciberseguridade entre os mozos e o uso seguro das redes sociais** orientado á protección da saúde emocional dos escolares.



Enquisa sobre ciberseguridade en empresas galegas

O Nodo CIBER.gal, en busca de fortalecer o seu compromiso con coñecer e entender o estado da ciberseguridade no tecido empresarial galego, impulsou, da man de Amtega e en **colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE)**, a **realización dunha enquisa específica sobre ciberseguridade para empresas galegas en 2025 e 2026**.



Novas adhesións ao Nodo CIBER.gal

O Nodo CIBER.gal continúa expandindo a súa rede de colaboración coa incorporación constante de novas entidades, fortalecendo así o ecosistema galego de ciberseguridade. Ao longo de 2024, **diversas organizacións decidiron unirse** a esta iniciativa, reforzando o compromiso colectivo por impulsar a seguridade dixital en Galicia. Algunhas destas entidades xa formalizaron a súa adhesión, mentres que outras se atopan en proceso de integración neste espazo de cooperación: **Check Point, Councilbox, CTAG, DLTCODE, dooingIT, Google e S2 Grupo**.



Dinamización do espazo web do Nodo CIBER.gal

Durante o ano 2024, o espazo web do Nodo CIBER.gal, dispoñible en ciberseguridadegalicia.gal, serviu como un **punto de referencia para a difusión de información relevante en materia de ciberseguridade para Galicia**. A través deste espazo publicáronse e posto ao dispor das persoas usuarias máis de **60 noticias, eventos e documentación** relacionadas co sector da ciberseguridade, cubrindo temas de actualidade, tendencias, e facendo difusión de proxectos e traballos innovadores neste campo.

Novembro
Decembro



Programa #Include da Fundación GoodJob

O Nodo CIBER.gal mantén un **convenio de colaboración coa Fundación GoodJob** dentro do Programa #Include.

Durante este ano, **participou novamente en dúas edicións do programa**, contribuindo ás xornadas inaugurais con relatorios sobre ciberseguridade a nivel europeo, nacional e, principalmente, autonómico.

O propósito desta iniciativa é **promover a inclusión laboral de persoas con discapacidade** dentro do sector da ciberseguridade.



3º edición Xornada "Somos Cibernéticas"



No marco do **Nodo CIBER.gal**, organizouse a 3ª edición da xornada "Somos Cibernéticas" na Cidade da Cultura de Santiago en formato presencial. A xornada foi promovida pola Amtega.

O obxectivo deste encontro é **impulsar e fomentar o talento feminino en ciberseguridade** e reducir a fenda dixital de xénero no ámbito profesional.

Ademais, preténdese inspirar e informar, principalmente a **alumnas de bacharelato**, a que valoren a posibilidade de continuar os seus estudos en carreiras técnicas, entre as que se atopa a profesionalización na ciberseguridade.



Cursos de especialización en ciberseguridade no ámbito da Formación Profesional

Para o curso 2024-2025, a Amtega, no marco do Nodo CIBER.gal e en colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, **reforzou a oferta dos cursos de especialización en ciberseguridade no ámbito da Formación Profesional** para fomentar o talento especializado e a súa incorporación ao mercado laboral galego, cun investimento de 2,5 millóns de euros.

Anteriormente, contábase cunha oferta de 6 cursos, aos cales **se engadiron 8 cursos adicionais, para un total de 14 cursos** de especialización en **Ciberseguridade en Tecnoloxías da Información (IT) e Ciberseguridade en Tecnoloxías da Operación (OT)**, en todo o ámbito territorial galego.



Colaboración no deseño e lanzamento dos cursos e certificacións do CNTG en materia de ciberseguridade

No marco do Nodo CIBER.gal, e en colaboración co **Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG)**, traballouse na #poñer# ao dispor dunha **oferta extensa e gratuíta de cursos e certificacións de primeiro nivel en ciberseguridade**, destinados a fortalecer o coñecemento, as capacidades e o talento dos **profesionais do tecido empresarial galego**.

Estas formacións forman parte dun investimento **de máis de 400.000 euros en 2024** que fai a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no marco do proxecto do Centro de Innovación e Competencia en Ciberseguridade, no contexto do Programa RETECH.



IV Encontro CIBER.gal: Obradoiro "Purple Lab": ataque, monitorización e detección

No marco do **IV Encontro CIBER.gal** organizouse e difundiu o obradoiro práctico, en formato presencial, **"Purple Lab"** dirixido a **persoal técnico** xa que é necesario dispoñer de coñecementos básicos de virtualización de sistema e manexo básico de sistemas Linux.

O obradoiro está dividido en dous partes. Por unha banda, **a parte ofensiva**, onde os participantes aproveitarán vulnerabilidades e erros de configuración para acceder ao sistema, escalar privilexios e establecer mecanismos de persistencia. E, doutra banda, **na sección defensiva**, utilizaranse ferramentas como comandos, logs do sistema, audit e Osquery para monitorrear e analizar o equipo, co fin de identificar as actividades maliciosas levadas a cabo polo atacante.

18
Técnicos
 participantes



IV Encontro CIBER.gal: Obradoiro "NMAP en contornas industriais"

15

Participantes entre
alumnos e
profesores

No marco do **IV Encontro CIBER.gal** organizouse, en formato presencial, o obradoiro NMAP onde se revisarán diferentes técnicas para o descubrimento de equipos, escaneo de portos e detección de vulnerabilidades en redes industriais coa **utilización NMAP**.

O obradoiro é para **alumnos e profesores** de cursos de especialización de Ciberseguridade OT/IT, de ciclos formativos de FP, e outros similares.



IV Encontro CIBER.gal: Obradoiro "Ferramentas e utilidades para a avaliación e mellora da seguridade en Active Directory"

No marco do **IV Encontro CIBER.gal** organizouse en formato presencial o obradoiro de ferramentas e utilidades para a avaliación e mellora da seguridade en **Active Directory**. O obradoiro tiña como obxectivo proporcionar unha **experiencia práctica** no uso de diversas ferramentas para avaliar e mellorar a seguridade en contornas de Directorio Activo.

Os participantes aprenderon a **instalar, configurar e aplicar estas ferramentas** de maneira efectiva, utilizando para iso unha contorna simulada.

Estaba dirixido a estudantes de **cursos de especialización en ciberseguridade** de FP, máster universitario en ciberseguridade, últimos cursos de ciclos superiores en informática de FP, graos universitarios en informática ou máster en enxeñería informática, así como a técnicos de departamentos IT.

19
Participantes
 no obradoiro



IV Encontro CIBER.gal: Obradoiro "Análise Forense en IoT"

22

Participantes entre
alumnos e
profesores

No marco do **IV Encontro CIBER.gal**, celebrouse o obradoiro de **análise forense** en IoT. Neste obradoiro levou a cabo unha análise forense de varios **dispositivos IoT**, como un Amazon Boto Show, un frigorífico Samsung, un robot Roomba, entre outros, pertencentes a unha colección específica.

Os asistentes traían un computador portátil con soporte para virtualización activado, VirtualBox 7.0 instalado e suficiente espazo en disco para almacenar máquinas virtuais e imaxes forenses.

Estivo destinado a **estudantes e profesores** de ciclos superiores de FP, cursos de especialización en ciberseguridade, graos ou máster en informática, así como a persoal técnico en informática, telecomunicacións ou **calquera persoa interesada no tema**.


IV Encontro CIBER.gal: Espazos técnicos de exposición
35

 Asistentes en
formato presencial

No marco do IV Encontro CIBER.gal tivo lugar unha actividade en formato presencial e en liña destinada a crear **espazos destinados á breve exposición de proxectos, ideas, traballos e iniciativas en ciberseguridade**.

Estes espazos teñen como propósito **visibilizar o talento e promover as iniciativas** que xorden no ámbito académico de Galicia, dándolles o impulso necesario.

Os espazos están conformados por **estudantes** especializados en ciberseguridade, **profesionais** do sector e outros relatores relacionados, todo nun ambiente relaxado onde, despois das presentacións, os asistentes poderán facer preguntas.

21

 Asistentes en
formato en liña

IV Encontro CIBER.gal: Capture the Flag

No marco do **IV Encontro CIBER.gal**, o Nodo CIBER.gal colaborou con Gradiant na organización e promoción do concurso **Capture The Flag (CTF)**, no que os participantes enfrontaron **retos de ciberseguridade nunha contorna real**, poñendo a proba as súas habilidades para resolver problemas complexos.

Este concurso, que xa vai pola súa **4º edición**, consolidouse como unha actividade fixa dentro do evento. Nesta ocasión, a competencia adoptou o **formato Jeopardy**, onde os retos estaban clasificados por categorías e niveis de dificultade. A diferenza doutros CTF máis centrados en simulacións de ataques e defensa, os participantes resolvían **preguntas ou tarefas para gañar "bandeiras"** que se trocaban por puntos. O obxectivo final era acumular a maior cantidade de puntos no tempo dispoñible.

24
Participantes


Servizos de ciberseguridade á administración autonómica

Durante 2024, continuouse fortalecendo as plataformas de protección para as ciberamenazas, logrando cifras récord na detección e mitigación de ataques.

Ao longo do ano, bloqueáronse máis de **84 millóns de intentos de ataques DDoS**, **66 millóns de ameazas IPS** e **59 millóns de intentos de intrusión en aplicacións web (WAF)**. Ademais, incorporáronse máis de **150 fontes de intelixencia** para a detección e bloqueo automático de ameazas.

No ámbito da seguridade informática interna, leváronse a cabo **19 auditorías técnicas**, protexendo **máis de 26.000 equipos** con solucións antivirus e **20.500 dispositivos** con tecnoloxías avanzadas de protección (EDR). Tamén se executaron **935 escaneos de seguridade** en aplicacións, supervisando un total de **586 aplicacións únicas**.

Estas accións permitiron mellorar de forma significativa a detección e resposta fronte ameazas, reducindo os intentos de explotación de vulnerabilidades a **48 casos mensuais**, fronte aos máis de 100 rexistrados en anos anteriores.


Servizos de ciberseguridade a entidades locais

En 2024, consolidouse a colaboración coas entidades locais, estendendo os servizos de ciberseguridade a **23 concellos de máis de 20.000 habitantes**. Actualmente, supervísanse máis de **2.300 activos dixitais**, incluíndo direccións IP e dominios das entidades locais, o que permitiu detectar **máis de 3.296 incidentes** no que vai de ano. Ademais, reforzouse a **monitorización 24x7** a través do SIEM, procesando diariamente **case 500 millóns de eventos de seguridade**, máis do dobre que o ano anterior, e integrando **1.015 fontes de datos**.

No ámbito formativo, impartíronse **18 charlas de concienciación**, alcanzando a **744 asistentes**, e realizáronse **39 auditorías técnicas** en deputacións e concellos para avaliar e mellorar a súa postura de seguridade. Ademais, grazas ao **proxecto de EDR**, financiado pola Xunta con fondos europeos REACT, protexéronse **6.000 equipos** pertencentes a **tres deputacións, oito concellos de máis de 20.000 habitantes e máis de 100 concellos dependentes das deputacións da Coruña e Ourense**.

Finalmente, reforzouse a capacidade de resposta fronte incidentes críticos, mediante unha **asistencia especializada** para a resolución de graves incidentes de ciberseguridade en entidades locais.


Servizos de ciberseguridade no ámbito de Xustiza

Reforzáronse as **capacidade de ciberseguridade na Administración de Xustiza en Galicia** mediante auditorías nos repositorios corporativos, optimización da detección de eventos, adecuación normativa e fortalecemento do cadro de mando de seguridade. Tamén se executaron iniciativas de formación e concienciación en ciberseguridade para mellorar a protección de datos neste ámbito.

Outubro



Xornada "Galicia segura: innovación e ciberseguridade"

No marco do **IV Encontro galego de ciberseguridade**, o Nodo CIBER.gal celebrou a xornada "**Galicia Segura: Innovación e Ciberseguridade**", un evento que reuniu a preto de **200 asistentes**, entre profesionais do sector TIC, expertos en ciberseguridade e estudantes especializados na materia.

A xornada, levado a cabo no Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole), en San Cibrao das Viñas (Ourense), puxo de relevo a importancia de Galicia no **ámbito da innovación en ciberseguridade**. Destacouse especialmente a **participación de entidades galegas** na Compra Pública de Innovación (CPI) liderada polo Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE), unha iniciativa crave para o desenvolvemento de solucións tecnolóxicas avanzadas. Os asistentes, maioritariamente representantes do sector empresarial e futuros profesionais, tiveron a oportunidade de coñecer de primeira man os proxectos impulsados por empresas galegas adxudicatarias desta iniciativa.

Ademais, o evento incluíu un **panel sobre o CECIGA e a rede de laboratorios e centros demostradores de ciberseguridade en Galicia**, coa participación de Amtega, Gradient, AtlanTTic, CTAG e ITG.

Novembro



IV Encontro CIBER.gal: Demostracións

134
Asistentes
a todas as
demostracións

No marco do **IV Encontro CIBER.gal**, algunhas das entidades patrocinadoras que apoian a celebración realizan **demostracións sobre produtos, servizos ou solucións innovadoras no campo da ciberseguridade**. Estas demostracións levan a cabo de forma paralela ao programa principal do Encontro. Este ano houbo 7 demostracións diferentes.

Decembro



Centro de Excelencia de Ciberseguridade de Galicia (CECIGA)

Tras a adxudicación e formalización a finais de 2023 do contrato de obra do **Centro de Excelencia de Ciberseguridade de Galicia (CECIGA)**, iniciouse a construción do edificio, de máis de 2.000m² que acollerá ao Centro, cun investimento de máis de 6 millóns de euros e que estará situado en San Cibrao das Viñas, provincia de Ourense, no **Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole)**.

O Centro, **orientado principalmente a cidadanía e empresas, e que tamén poderá prestar apoio ás administracións públicas de Galicia**, centrarase, entre outros servizos, na posta en marcha de iniciativas que **melloren o nivel de ciberseguridade do tecido empresarial galego** e as **competencias dixitais da cidadanía e profesionais do sector**, impulsando así a innovación en ciberseguridade e a xeración e captación de talento.




Proxecto Retech Ciberseguridade – Galicia

No marco do Nodo CIBER.gal, e contribuíndo ao seu obxectivo do impulso á industria da ciberseguridade, Galicia, a través da Amtega e da man de Cataluña e a Comunitat Valenciana, resultou adxudicataria en 2023 do proxecto común do **Centro de Innovación e Competencia en Ciencias da Saúde, Transporte Intelixente, Industria Conectada e Excelencia Operativa**.

Así, en 2024, no ámbito do **transporte intelixente liderado pola Amtega**, alcanzáronse importantes fitos como a **formalización dun Convenio para a constitución e posta en marcha dunha rede de laboratorios e centros demostradores en ciberseguridade** en colaboración con Gradient, CTAG, ITG e a Universidade de Vigo, e tamén coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para **ampliar a oferta de formación regrada en ciberseguridade** e crear un espazo de alta especialización na materia.

2.3. Resumo en cifras





ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE